

## CONVENIO DE BANCA, AVANCES LENTOS E INCIERTOS

O 14 de outubro celebrouse unha reunión da mesa oficial de negociación do convenio colectivo de Banca, despois de algo máis dun mes dende a última, prazo durante o cal se estiveron celebrando reunións de traballo para tratar en profundidade temas troncais do convenio, como é a estrutura salarial, a carreira profesional, a xornada e horarios, ...



En CCOO cremos que é unha boa vía de diálogo, na cal tanto a patronal como os sindicatos estamos a apostar pola existencia real dunha posibilidade de acordo que finalmente se plasme nun bo convenio colectivo. De momento só hai maior análise dos problemas e exposición detallada das respectivas posicións.

A pesar desa boa vontade, as posicións da patronal están aínda a moita distancia de considerarse próximas a un entendemento, xa que seguen defendendo a súa pretensión de "modernización = recorte salarial e de dereitos".

Durante o transcurso desas reunións de traballo, nas cales se aclararon asuntos e especificado aspectos máis concretos de cada un dos temas que se trataron nelas, desde CCOO deixamos claro que queremos que exista o Convenio de Banca, pero non calquera convenio nin a calquera prezo.

CCOO non esquecemos que a reforma laboral presiona cos prazos de negociación, xa que a vixencia da ultraactividade do Convenio acábase o 31/12/2015.

Para seguir dando oportunidades á negociación, fixamos dúas reunións mais as próximas semanas, para comprobar se é posible avanzar cara a un bo convenio.

Pero se non vemos a curto prazo un achegamento real da posición patronal a un convenio con condicións dignas e sen perda de dereitos, CCOO intensificaremos as mobilizacións que van comezar o venres 16 de outubro, con concentracións de Delegadas e Delegados sindicais de todo o sector financeiro nas sedes das antigas Caixas de Aforros, cuxo Convenio está aínda máis bloqueado.

**Seguimos traballando, seguiremos informando.**



**É tempo de avanzar  
É tempo dun bo convenio**